



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO SUÍME
Promotor	GREENALIA WIND POWER, S.L.U.
Localización	RODEIRO (PONTEVEDRA)
Expediente	IN408A 2018/07

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

FEITOS :

1. A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 25/10/2021 e número de rexistro de entrada 2021/1983081, unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.

Con data 24/08/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1716653, a Dirección xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.

Con data 10/10/2022 e número de rexistro de entrada 2022/2001632, a Dirección Xeral de Saúde Pública recibe da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación traslado da resposta do promotor ao informe desta dirección xeral de data 24/08/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2.i) da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta dirección xeral no ámbito das nosas competencias.



De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta dirección xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito da saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos no informe previo, polo que se emite informe favorable, coa seguinte consideración.

- No referente ao parpadeo de sombras tendo en conta que a superación do limiar de 8 horas/ano no "caso real" é mínimo, non obstante deberase facer un seguimento específico do parpadeo de sombras no plan de vixilancia ambiental.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

